

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 3 DE XULLO DE 2014

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:05 horas do 3 de xullo de 2014, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, ós efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, constituíndose coa asistencia dos seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias
D. Miguel Neira Ojea
D^a Natalia Álvarez Diéguez, que se incorpora á sesión no momento que se di nesta acta.
D^a María Mercedes Ana Moldes Ares
D. Luis Victorino Arias Fernández
D. Aurentino Alonso Araújo
D. Julio Fernández Arias
D^a María Irene Dacal Feijoo
D. Moisés Blanco Paradelo
D. Arsenio Moldes Gómez
D^a Nieves Rodríguez Voces
D. Antonio Melo García
D^a Manuela Rodríguez Vázquez
D Vitor Manuel Sierra Nieves

Non asisten D. Carlos Javier Crespo Díaz e D^a M^a Estela Delgado Fernández cuxa ausencia é desculpada polo alcalde.

Interveu como secretario accidental D. José De Lis Santos-Ascarza. Concorre o adxunto á intervención Don Rubén Vizcaíno Pena.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ó estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

1º Aprobación da acta do Pleno da sesión celebrada o día 5 de xuño de 2014.

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer á acta da sesión celebrada polo Pleno o día 5 de xuño de 2014 e non formulándose

ningunha, a devandita acta resultou aprobada por unanimidade dos catorce concelleiros asistentes na sesión.

2º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial do expediente de modificación orzamentaria, crédito extraordinario 03/2014.

Di o sr Alcalde que o actual punto, xunto co 3º e o 4º da Orde do día, son complementarios pois estase a falar do mesmo tema, polo que pensa que se podería facer un debate conxunto e despois someter a votación individualmente punto por punto. Di que desde que se terminou a última ampliación do Cemiterio, a Zona F do cemiterio novo, hai unhas 96 solicitudes de nichos, polo que o razoable é ir dando saída a esas solicitudes, pois non ten sentido telas en espera cando hai capacidade para facer isto. Di que o problema que xurde é que hai que dispoñer de Partida orzamentaria para poder sacar a concurso este proxecto, que xa foi realizado, segundo consta no expediente, polo arquitecto municipal, quen xa fixera a primeira fase. Di o Alcalde que non se pode dispoñer do remanente de Tesourería para gastos xerais porque non o contempla expresamente o decreto que fixa os usos aos que se pode destinar ese remanente, polo que o Interventor plantexou a posibilidade de ir sacando todos os restos acumulados doutros proxectos, pequenas partidas que foron quedando, e entón habilitouse un crédito extraordinario, o número 3 deste ano, habilitando unha Partida para o Cemiterio, aínda que con esas cantidades acumuladas non se chegou aos máis de 99.000 € que costa o proxecto pero no punto 3º da Orde do día xa se di que unha vez que se lle adxudica provisionalmente o nicho, os petitionarios teñen que ingresar o 30% do custo, e esas cantidades pasan a incrementar a mencionada Partida, polo que xa habería diñeiro suficiente para sacar a concurso o proxecto. Di o Alcalde que o punto 4º da Orde do día ven a completar o Regulamento de funcionamento para o Cemiterio que se elaborou fai dous ou tres anos, posto que non se modificara no seu día a taxa fiscal que so fai referencia á parte vella e non á parte nova do Cemiterio, entón agora anúlase a antiga e apróbase unha nova. Remata o sr Alcalde dicindo que a nova Ordenanza recolle o mesmo que a anterior, distinguindo entre cemiterio vello e novo, cambiando unicamente os prezos é a tarifa da concesión de nichos das Fases F e G, xa que antes só se outorgaba a parcela, ascendendo a 1.200€ na fase G cando na anterior fase F eran 1.000€, o que é debido a que os materiais que levan os nichos da última fase son diferentes aos da primeira e teñen loxicamente outro custo.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, quen di que todo o explicado polo sr Alcalde está claro, que se explicou o que xa se dixera nas distintas Comisións polo que o seu Grupo non ten nada que obxectar.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por trece votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concellerio sr. Sierra Nieves) o Pleno acorda:

- 1. Aprobar inicialmente o expediente de modificación orzamentaria crédito extraordinario 03/2014, financiado con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado, e a correspondente modificación do anexo de investimentos, creando o proxecto de gasto 2014-45 e dando de baixa, total ou parcial, dos proxectos con exceso de financiamento que se relacionan na Memoria.**
- 2. Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

3º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á modificación do anexo de partidas ampliables do orzamento do exercicio 2014.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por trece votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces,

Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concellerio sr. Sierra Nieves) o Pleno acorda:

- 1. Aprobar inicialmente a modificación do anexo de partidas ampliables, segundo se recolle na proposta da Alcaldía.**
- 2. Exposición por quince días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 169.1. TRLRFL). Se houbera reclamacións, serán resoltas polo propio Pleno no prazo dun mes, e se non houbera reclamacións, considerarase definitivamente aprobado, debendo procederse en ámbolos dous casos á publicación da devandita aprobación definitiva e do resumo por capítulos do Orzamento Xeral modificado, así coma á remisión de copia do expediente á Administración do Estado e á Xunta de Galicia. A modificación, no seu caso, entrará en vigor unha vez publicado o correspondente acordo na forma prevista no artigo 169.3. TRLRFL.**

4º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á aprobación inicial da derogación inicial da Ordenanza reguladora da taxa por servizos do cemiterio municipal e aprobación inicial da Ordenanza fiscal reguladora dos dereitos ou taxas pola prestación de servizos e realización de traballos no cemiterio municipal.

Non producíndose debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por trece votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo, Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez) e unha abstención (do concellerio sr. Sierra Nieves) o Pleno acorda:

- 1. Aprobar inicialmente a derogación “ORDENANZA REGULADORA DA TAXA SERVIZOS NO CEMENTERIO MUNICIPAL”**
- 2. Aprobar inicialmente a ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS DEREITOS OU TAXAS POLA PRESTACION DE SERVIZOS E REALIZACIÓN DE TRABALLOS NO CEMENTERIO MUNICIPAL, de acordo coa**

proposta de ditame exposta, e cuxo texto íntegro reproducése no anexo.

3. Exposición por trinta días hábiles, mediante anuncio no taboleiro de edictos e no Boletín Oficial da Provincia de Ourense (artigo 17.1. TRLRFL). A derogación e a nova ordenanza, entrarán en vigor unha vez adoptados os restantes trámites previstos no amentado artigo 17 TRLRFL.

Anexo: texto íntegro da nova ordenanza:

ARTIGO 1º. FUNDAMENTO, NATUREZA E OBXECTO

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos no cemiterio municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

2. Serán obxecto deste tributo os diversos servizos que se regulan na presente ordenanza e as concesións administrativas de terreos do cemiterio e de sepulturas construídas polo Concello.

ARTIGO 2º. FEITO IMPOÑIBLE

1. Está constituído pola utilización dos diversos servizos prestados no cemiterio ou relativos a este, e polo outorgamento de concesións administrativas sobre os seus terreos e sobre os nichos ou sepulturas subterráneas construídas naquel.

2. Malia o sinalado na alínea anterior, a concesión de permisos ou licenzas para obras no cemiterio inclúese na Ordenanza fiscal correspondente por congruencia coa esixencia que establece o artigo 100 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, ó referirse ó feito imponible do Imposto sobre construcións, obras e instalacións, que tamén grava as realizadas nos cemiterios.

3. Para a concesión de licenzas esixirase a presentación da solicitude e os datos precisos para que se poida facer a liquidación das taxas.

ARTIGO 3º. SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos contribuíntes os titulares da concesión administrativa, así como os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, chegado o caso, os titulares da autorización concedida.

ARTIGO 4º. RESPONSABLES

- 1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo vas persoas físicas ou xurídicas a que se refiren o artigo 42.1.a) e b) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.**
- 2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala a Lei xeral tributaria.**

ARTIGO 5º. DEVENGO.

Devengase a Taxa e nace a obriga de contribuír:

Nos servizos de remuneración puntual, cando se presente a solicitude correspondente

Nos servizos de remuneración periódica, a remuneración da taxa producirase o un de xaneiro de cada ano.

Nas liquidacións de remuneración periódica deberase realizar o ingreso nos prazos fixados na liquidación correspondente, que será notificada ao suxeito pasivo.

Unha vez producida a alta, a Taxa se exaccionará por padrón, esixíndose o importe desta no prazo que sinala o Regulamento Xeral de Recadación para as débedas por recibo.

ARTIGO 6º. EXENCIÓNS SUBXECTIVAS.

Establécese a exención de pagamento para as inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

ARTIGO 7º. BASES DE GRAVAME, TARIFAS E COTAS

1.- A base imponible determinarase atendendo á diferente natureza dos obxectos de gravame, de acordo cos distintos epígrafes da tarifa, polos seguintes conceptos:

- a) O outorgamento de concesións administrativas sobre terreos, nichos e sepulturas.**
- b) Cambios de titularidade, despois da autorización municipal, de concesións sobre terreos e sepulturas no dito cemiterio.**
- c) Mantemento e limpeza**

2.- As cotas tributarias determinaranse por aplicación das seguintes

TARIFAS:

CONCEPTO	TARIFA CEMENTERIO VELLO	TARIFA CEMENTERIO FASE F	TARIFA CEMENTERIO FASE G
CONCESION PARCELA	397,03 €		
CONCESION DE NICHOS	397,03 €	1.000,00 €	1.200,00 €
TRANSMISION DE PARCELA	125,08 €		
TRANSMISION DE NICHOS	35,86 €	35,86 €	35,86 €
LIMPIEZA DE PARCELA	7,18 €		
LIMPIEZA DE NICHOS	2,99 €	2,99 €	2,99 €

NORMAS ACLARATORIAS

- 1.- As concesións regularanse polas normas contidas no Regulamento do Cemiterio Municipal do Barco de Valdeorras aprobado pleno 2/12/2010 BOP N° 54 7/03/2011.
- 2.- No caso de que a concesión se outorgue a favor de anterior titular ou o/a que fose o seu/súa cónxuxe no momento da concesión, a tarifa correspondente á construción, terá unha bonificación dun 96%.
- 3.- Se a nova concesión é a favor de herdeiro ou herdeira lexítimos, a bonificación será dun 92%.

ARTIGO 8º. INGRESO.

Os suxeitos pasivos efectuarán o ingreso do importe da taxa relativa ós servizos regulados nos distintos epígrafes da presente Ordenanza, na Recadación municipal, polo procedemento de autoliquidación, liquidación ou recibo

ARTIGO 10º. INFRACCIÓNS

En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións daquelas que correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 181 e seguintes da Lei xeral tributaria

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para o non previsto expresamente nesta ordenanza teranse en conta os preceptos do Regulamento do Cemiterio Municipal do Barco de Valdeorras aprobado pleno 2/12/2010 BOP N° 54 7/03/2011. vixente na actualidade, Decreto 134/98, do 23 de abril, sobre policía sanitaria mortuoria, ditado pola Consellería de Sanidade e Servizos Sociais da Xunta de Galicia, e demais normas sanitarias de aplicación.

Esta modificación da ordenanza, unha vez publicada no BOP e transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2, en relación co 65.2 da Lei 7/1985, comezará a aplicarse o día seguinte da súa publicación, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa. Expoñer no taboleiro de anuncios do Concello durante trinta días este acordo provisional, significando que durante este prazo os interesados poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas. O prazo de trinta días comezará a contarse a partir do seguinte no que se publique no BOP de Ourense e nun dos diarios de maior difusión da provincia.

Para o caso que se presenten reclamacións no prazo indicado no anterior apartado deste acordo, estas serán resoltas polo Pleno da corporación, procedendo no seu caso, á aprobación do acordo definitivo, para o caso de que non se presenten reclamacións nese prazo, este acordo, ata entón quedará elevado a definitivo sen necesidade de novo acordo do Pleno. O Acordo definitivo, ou provisional elevado a definitivo, co texto completo da ordenanza será publicado no BOP de Ourense a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

5º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á bonificación no ICIO solicitada por D Blas Calvo Gómez.

O sr Alcalde da conta do ditame de 27 de xuño de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de fachada no Castro, cunha bonificación do 75% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social por tratarse dunha obra encamiñada á rehabilitación de vivenda nun núcleo rural tradicional, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 75% na cota do ICIO.

6º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e

Promoción Económica relativo á bonificación no ICIO solicitada por Dona Olga López Franco.

O sr Alcalde da conta do ditame de 27 de xuño de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de fachada na rúa San Roque nº 1 do Barco de Valdeorras, que ten unha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social por tratarse dunha obra nun inmovible situado no Casco Antigo do Barco, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

7º Ditame da Comisión Informativa de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica relativo á bonificación no ICIO solicitada por D Manuel Antonio e Dona Gloria María Fernández Martínez.

O sr Alcalde da conta do ditame de 27 de xuño de 2014 adoptado por unanimidade e di que son obras de reparación de fachada e cuberta na Praza Maior nº 4 do Barco de Valdeorras, que ten unha bonificación do 95% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social por tratarse dunha obra nun inmovible situado no Casco Antigo do Barco, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1. da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 95% na cota do ICIO.

8º Previa ratificación da súa inclusión na orde do día, proposición do Alcalde relativa á non celebración do pleno ordinario do mes de agosto de 2014.

Trala ratificación da inclusión deste asunto na orde do día por unanimidade dos concelleiros asistentes, o sr Alcalde dá lectura da proposición presentada, que copiada literalmente di:

“O pleno do Concello do Barco de Valdeorras, acordou celebrar sesións ordinarias do Pleno do Concello mensualmente o primeiro xoves de cada mes, o que supón maior periodicidade que como obriga mínima se establece na lexislación básica para os concellos coa poboación do Barco de Valdeorras.

No mes de agosto un bo número dos Concelleiros se atopa de vacacións e o mesmo ocorre co persoal do Concello e logo de ver o estado dos asuntos competencia de Pleno, non se xulga precisa a celebración do pleno ordinario do mes de agosto.

Xustifícase a urxencia da inclusión do asunto na orde do día no feito de que o Pleno ordinario de xullo de 2014 é o último anterior ao do mes de agosto de 2014.

Por iso proponse, previa ratificación da inclusión do asunto na orde do día da sesión do pleno do mes de xullo de 2014, que o Pleno do Concello acorde:

Único: non celebrar a sesión ordinaria do Pleno do Concello do Barco de Valdeorras do mes de agosto de 2014.”

Di o sr Alcalde que este asunto pasou a ditame da Comisión de Facenda do día 27 de xuño pasado pero que como era unha comisión extraordinaria non se puido ditaminar e por iso ratifícase a inclusión na orde do día. Di que xa no mes de agosto do ano pasado non houbo sesión ordinaria do Pleno pero que no caso de que houbera algún asunto que requirira a aprobación plenaria se convocaría un pleno extraordinario.

Non producíndose debate, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, o Pleno acorda:

Único: non celebrar a sesión ordinaria do Pleno do Concello do Barco de Valdeorras do mes de agosto de 2014.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1 Mocións urxentes

Di o sr. Alcalde que se presentaron varias mocións urxentes, a primeira unha bonificación no ICIO, que ten rexistro de entrada do venres 27 de xuño, que non sabe se lles pasou este ICIO aos voceiros do PP e BNG por que se preocupou de que se lles trasladara outra documentación pero non deste ICIO, e que aínda que non pasou pola Comisión Informativa de Facenda non ten sentido deixala ata setembro cando é favorable a concesión da bonificación segundo os informes dos técnicos.

Intervén o voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, indicando que el o descoñecía pero que se fía da palabra do sr. Alcalde e dos informes favorables.

O Sr. Alcalde da lectura ao informe do Interventor Municipal.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos catorce concelleiros asistentes.

Solicitud de bonificación no ICIO presentada por D. Rafael Delgado Díaz.

Di o sr Alcalde que se trata da instalación dun ascensor na rúa Santa Rita nº 9 e que ten unha bonificación do 90% .

Non producíndose debate, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus catorce membros asistentes, adopta o seguinte acordo:

Primeiro: declarar a obra descrita nos antecedentes, de interese social por tratarse dunha obra encamiñada á supresión de barreiras arquitectónicas, por concorrer circunstancias previstas no artigo 6.1 da Ordenanza Fiscal Reguladora do ICIO.

Segundo: propoñer á Xunta de Goberno Local a concesión da correspondente bonificación do 90% na cota do ICIO.

Di o sr Alcalde que hai tres mocións máis, unha do PP, outra do PS e unha máis que acaba de presentar agora o PP e que fai referencia á presentada polo Partido Socialista e que non sabe si é unha moción distinta ou é unha moción de adición, que xa se verá cando se debata.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos catorce concelleiros asistentes.

Moción presentada polo grupo municipal do PP sobre xestión da planta de compostaxe de O Barco

Concédeselle a palabra ao voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que primeiramente quere expresar a súa sorpresa por non vir incluída na Orde do día esta moción que presentou o seu grupo o luns día 30 as 13 horas, como se ten feito outras veces, e que segundo o ROF ten que haber dous días hábiles entre a convocatoria e a celebración da sesión, polo que non tería que ratificarse a inclusión desta moción na Orde do día, e por riba é habitual que se notifique a convocatoria despois da celebración da sesión da Comisión de Facenda dos luns.

Di o sr Alcalde que ó principio era costume celebrar as Comisións de Facenda os luns e despois da Comisión convocar o Pleno, pero que a petición da Secretaría do Concello, para que os ditames estean na Secretaría cando se convoque o Pleno, adiantáronse as Comisións de Facenda ou calquera comisión como mínimo ao venres. Di o Alcalde que a el lle xurdiu un viaxe urxente ese luns día 30, e que como saíu do Barco ás 11:30 horas deixou asinada a convocatoria do Pleno.

Di o sr Blanco que agradece a información facilitada e que supón que poderase seguir presentando mocións os luns, día da convocatoria, nas primeiras horas, contestándolle o sr Alcalde que se seguirá convocando os plenos os luns ó redor da unha da tarde, para dar entrada na Orde do día a todas as mocións que se presenten.

De seguido o sr Blanco Paradelo dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“En la sesión plenaria que este Concello celebró el 1 de marzo de 2012, se adoptó el siguiente acuerdo, como así consta en el BOP publicado el 13 de marzo de 2012:

1º.- La toma en consideración de la memoria relativa a la conveniencia y oportunidad de contratar la gestión indirecta de una planta de compostaje.

2º.- Aprobar inicialmente el Reglamento del servicio de la planta de compostaje y recogida de biorresiduos en el Concello do Barco de Valdeorras.

3º.- Someter el expediente, reglamento incluido, a información pública por un plazo de 30 días hábiles mediante la publicación del anuncio en el Boletín Oficial da Provincia de Ourense para la formulación de reclamaciones y sugerencias por los interesados.

En aquella sesión, el Grupo Municipal del Partido Popular anunciara la presentación una alegación, como así sucedió, *con la intención de que se garantizase la adecuada financiación y su viabilidad económica, solicitando que se incorporase a “la memoria relativa a la conveniencia y oportunidad de contratar la gestión indirecta de una planta de compostaje” un ESTUDIO ECONÓMICO-FINACIERO QUE ACREDITE LA VIAVILIDAD DE ESTE SERVICIO.*

De esta manera, en el pleno celebrado el 3 de mayo de 2012, se acordaba:

1º.- La aceptación de las alegaciones presentadas por el portavoz del grupo municipal del PP y del concejal delegado de Medio Ambiente, Sanidad y Educación, en el período de exposición pública del expediente para la contratación, mediante gestión indirecta, del servicio público municipal de la Planta de Compostaje del Ayuntamiento de O Barco de Valdeorras.

Mientras se fueron sucediendo los diferentes debates, en pleno y comisión, para nuestra sorpresa, pudimos comprobar que la nave de las instalaciones municipales que albergaría este servicio ya tenía el cartel de la empresa que lo iba a gestionar. Nuestro grupo se interesó por esta cuestión, y lo cierto es que, lejos de ser retirado, el letrero permaneció 11 meses oculto con una tela hasta que en el mes de agosto de 2012 quedó al descubierto tras el terrible incendio que sufrió O Barco en aquel verano y que afectó a las instalaciones.

Los meses continúan pasando, y la puesta en marcha de la Planta de Compostaje se lleva abordado en alguna Comisión de Medio Ambiente, pero sin concretar nada sobre el futuro y la utilidad de una instalación que costó más de 240.000€.

Por todo lo anteriormente expuesto, el Grupo Municipal del Partido Popular propone la adopción del siguiente acuerdo:

Primero- El Pleno del Concello de O Barco solicita que desde la Secretaría, Intervención y Servicio de Medio Ambiente de este concello se realicen sendos informes respecto a la tramitación de todo el expediente para la contratación de la gestión de la Planta de Compostaje y su situación actual.

Segundo- El Pleno del Concello de O Barco insta al Gobierno Municipal a que realice los trámites necesarios para iniciar nuevamente el expediente para la contratación, a través de un concurso público, de la gestión indirecta de la Planta de Compostaje de O Barco.”

Di o sr. Blanco Paradelo que non se trata dun tema rescatado do pasado, se non que o seu grupo xa ten preguntado por este asunto en diversas comisións. Di que teñen pasado os meses e non ten saído o concurso, que teñen preguntado en varias ocasión se xa estaba en funcionamento a planta, que como xa indicou, alertaron da existencia dun cartel dunha empresa na fachada dunha nave da instalación, que o Alcalde asegurou descoñecer porque se puxo o cartel, o que lle costa crer posto que é moi difícil que se lle escape esta cuestión a un Alcalde que está encima de todos os temas sen que se mova un papel sen que el o saiba, que o propio Alcalde recoñeceu que non debía estar alí, sendo sorprendente que non se ordenara de modo inmediato retiralo, senón que simplemente se tapou cunha tela, e como consecuencia do incendio de agosto 2012, puido observarse que o cartel seguía alí.

Continua dicindo que a instalación da Planta de compostaxe, como xa se di na Moción, custou máis de 240.000€ do diñeiro público financiado polo entón conselleiro de Medioambiente, Pachi Vázquez, amigo do sr Alcalde, que tamén deu o diñeiro para facer a Casa da Natureza, que aí está morta de risa, e que ó final van pasando os meses e a instalación da Planta segue sen ter utilidade e abandonada, entón pregunta qué se quere facer coa instalación, si teñen pensado darlle algunha utilidade ou si pensan sacarlle rendemento a ese diñeiro público investido. Di que ó final o que presenta o seu Grupo é unha iniciativa de control e de fiscalización, por un lado pídense eses informes crendo que non haberá inconvenientes e por outro lado o impulso de dicirlles que hai que sacar isto canto antes a concurso público e a ver si hai empresas interesadas na súa xestión. Di que están escoitando continuamente ao Alcalde e o concelleiro responsable falar de diferentes proxectos, campañas, de reciclaxe, compost, etc., polo que tendo unha instalación coma esta sería interesante seguir apostando por sacarlle partido. Di tamén o voceiro que supón que as intencións do equipo de goberno seguirán intactas dende aquel citado 1 de marzo de 2012, no que se tomou o acordo que, despois de presentadas as alegacións, saíu aprobado por unanimidade, contando polo tanto co respaldo político de toda a Corporación. Remata dicindo o sr Blanco que espera que esta iniciativa conte co voto favorable de toda a Corporación.

Neste momento incorpórase á sesión a concelleira Natalia Álvarez Diéguez.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do BNG, sr Sierra Nieves, quen fai uso dela para dicir que neste tema como en outros moitos ponse de manifesto o xeito de actuar do Partido Socialista, que el persoalmente fíase máis, salvando as distancias, do PP porque polo menos xa sabe o que van a facer, en cambio o PS nunca se sabe por onde vai a ir, que se lles enche a boca de que traballan para a sociedade e de que son socialistas, e cada vez son menos socialistas. Di o sr Sierra que a instalación da que se está a falar, como dixo o voceiro do PP, foi moi custosa e abandonada a súa sorte e que cre que chegou o momento de aclarar que vai a pasar con esa planta de compostaxe, e que en relación ao tema do cartel, que se cita na moción, pon de manifesto o modo de proceder, que como sempre é unha chapuza do Alcalde. Remata o sr Sierra dicindo que vai a apoiar a Moción presentada polo PP.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr Alonso Araújo, quen antes de tratar o asunto di que non ten inconveniente en visitar mañá mesmo a planta de compostaxe acompañado polos voceiros do PP e do BNG para que vexan o estado no que quedou a citada planta despois do incendio do ano 2012, quedando so unha soleira de formigón, ensinando unhas fotos da mesma. Di que foi un proxecto que se plantexou en febreiro do 2012 cando se nomeou unha comisión de estudio para a conveniencia e oportunidade de implantación dunha planta de compostaxe, e que esa comisión foi a que redactou un prego para servir de base para sacar adiante todo o proxecto, e que dela formaba parte el como concelleiro delegado, a técnica de medio ambiente, a xefa do negociado de calidade e avaliación ambiental da Deputación Provincial de Ourense e tamén o enxeñeiro xefe do servizo de augas e medioambiente da Deputación Provincial de Ourense. Di o sr Alonso que a base de todo o proceso estaba nas máquinas que había, que segundo a valoración que fixo o arquitecto cando foi do incendio ascendía a 87.590€ e que a reclamación que se fixo dende o Concello á Xunta foi de 130.800€, estándose esperando aínda por esas axudas prometidas no ano 2012 nas vésperas dunha campaña electoral para as Eleccións Autonómicas galegas. Di o concelleiro que a partir da memoria e do prego redactado pola citada Comisión, fíxose un estudio de custes e de resultados baseado en hipóteses de cálculos, pois non había datos reais no mercado, feitos a partir da poboación do Concello (14.146 habitantes), cunha produción anual duns 2.000 kg. por habitante, o que daría uns 4 millóns de lixo, dos que a fracción resto para o compost sería de 1,5 millóns, chegando á conclusión de que calquera empresa que explotara a planta de compostaxe obtería un resultado anual final de 3.756€.

Di que calquera empresa que quixera xestionar o servizo tería que facer unha inversión semellante a aquela que se fixo naquel momento, que foi de 240.000€, e di, que ademais, os aspectos financeiros que se contemplaban eran que non se establecería canon a pagar polo concesionario, que non se establecerían tarifas a pagar polos usuarios, que o concesionario se retribuiría ca actividade económica derivada da comercialización do compost, que o Concello aportaría ao concesionario por cada tonelada de residuo orgánico que se recolla selectivamente, como máximo, o 60% do que se abona a SOGAMA, sendo o único beneficio que se establecía no estudio de viabilidade, concluindo que a día de hoxe non hai Planta de compostaxe senón só unha soleira e nada máis.

Respecto do cartel do que se fala na Moción, di o Sr. Concelleiro que si houbo un cartel posto, como os moitos de empresas privadas que hai nas estradas públicas cando fan algún traballo para a Administración. Que se trata dunha empresa que fixera traballos previamente para o Concello como o de trituración das podas, e supón que puxo o cartel, aunque el non o sabe, como fan outras empresas que traballan para a Administración. Continua dicindo o sr. Concelleiro que, independentemente desto, o que si lle chama a atención é que, xa na Comisión de obras do 4/10/2011, a unha pregunta formulada polo concelleiro do PP, sr Moldes Gómez, o sr Alcalde deu todo tipo de explicacións sobre a cuestión, procedendo a dar lectura á acta de dita comisión. Indica que ASFVAL tamén fixo uso das instalacións da Planta, polo que non entende que agora o PP se preocupe polo mencionado cartel despois de mil tres días.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo que di que os mil tres días deixan de manifesto a cacicada que se fixo e que non prescribe. Di que é verdade que o sr Alcalde na citada Comisión recoñeceu que non sabía porqué instalaran o cartel pero ó día seguinte seguía o letreiro no seu sitio e en vez de mandalo quitar cubriuse cunha tela, que non poden tomar por parvos a todos, pois iso é unha cacicada con todas as letras e téñeno que recoñecer. Di o concelleiro que si a empresa cobrou os traballos que fixo na planta empra a ao Alcalde para que na próxima Comisión se presenten as facturas que remitiu a empresa. Di que dos números que fala o sr Alonso sobre a viabilidade da planta o seu Grupo non se fían pois xa enganaron á cidadanía cando dixeron que non ían a subir o recibo incluso que podería haber unha baixada si a xente reciclara as cantidades que lles indicaron, e aos dous meses aplicouse unha subida do recibo. Di o concelleiro que o día 22/11/2013 publicouse en *La Voz de Galicia* que o Concello do Barco sacaría a concurso a xestión da Planta de compostaxe, pois segundo o

Alcalde, por cada quilo de menos que se mandara a SOGAMA menos pagaría o Concello e menos pagarían os veciños, que o compostaxe de calidade ten mercado e que o Grupo de goberno pensa que é viable, polo que lle estraña que lle chame a atención ao sr Alonso que el pregunte agora pola viabilidade da Planta, que tamén nalgunha Comisión o sr Alcalde dixo que algunhas empresas incluso de fóra da provincia de Ourense, habían chamado interesándose polas instalacións e que o Equipo de goberno estaba estudando para sacar a concurso a xestión, entón pregunta porqué o sr Alonso di que as instalacións están queimadas e non se pode poñer en marcha a Planta de compostaxe. Di o sr Blanco que o seu Grupo fixo unha proposta construtiva e evidentemente fixo tamén unha crítica e que queren unha explicación pois senón habería que pesar que o proxecto da Planta de compostaxe solo saíu aquí a concurso público porque había o interese dunha empresa, que non sabemos se foi a que puxo o cartel, e que deixouse ahí porque tivo problemas e a iniciativa xa non interesaba, que o final o que teñen é que dar unha resposta máis convincente. Di que o do cartel foi unha cacicada suprema e o outro unha mala xestión e quere rematar preguntando ao Grupo de Goberno que pensa facer con esa instalación, tamén quere agradecer ao BNG o apoio á Moción.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves que lle di ao sr Alonso Araújo que é o momento de dicir publicamente qué queren facer coa instalación e non poñer excusas de mal pagador. Di que si o sr Blanco afirma que o que se fixo co tema do cartel foi unha cacicada pois será verdade porque no PP entenden bastante deso. Di o concelleiro que despois do incendio do 2012 o Alcalde falaba ante os medios de comunicación de economía produtiva, de valorización do monte, de posta en práctica dos métodos tradicionais de agrogandería... e todo aquilo quedou en nada, que el cando o escoitaba parecíalle un conselleiro do BNG. Di o sr Sierra que o Equipo de Goberno se decida por fin qué van facer co que queda das instalacións e que con respecto ao cartel é tal cal como di o sr Blanco, unha cacicada, pois si tiñan pensado favorecer a unha empresa agora non poden disimular porque poñer un cartel dunha empresa particular nun terreo público responderá a algo e téñeno que explicar, xa que non o explicaron e débérono explicar fai moito tempo.

Di o sr Alonso Araújo que a situación da Planta tal e como está é inviable, porque non hai Planta, que hai propostas de empresas que poderían estar interesadas no compostaxe, pero é a nivel privado e que dende logo o Concello non está en condicións económicas de volver a montar esa Planta tal como estaba para podela ofertar a unha empresa. Di o concelleiro que

quere sinalar que hai palabras como parvos, enganados, etc., que sobran nos debates plenarios onde debe haber un respecto.

Di o sr Alcalde que primeiramente ten que dicir que non merece a pena contestar ás saídas de todo do concelleiro do BNG, e que lle gustaría que lle dixeran un contrato que se haxa regalado neste Concello, porque case todos os Plenos o sr Sierra fai mención a elo, que iso é dunha gravidade extrema para un concelleiro, que debería ser un pouco máis rigoroso no que di si o puidera demostrar. Di que no Concello do Barco todos os contratos saen dunha Mesa de contratación onde está representada a oposición, polo que o sr Sierra non aporta absolutamente nada só difama, que é o que lle gusta, porque poucas máis aportacións a este Concello fixo no tempo que se leva de legislatura, pois nin ven ás Comisións, nin a ver os expedientes y logo ven aquí a facer o discurso fácil.

Di o sr Sierra Nieves que el fai aportacións ao Concello que o sr Alcalde nunca escoita, entón que non difame.

Di o Alcalde que aportacións poucas e que cando fala o sr Sierra das valorizacións que o Alcalde fixo dos montes segue a falar do mesmo, que o único que facía o Alcalde era transmitir unhas ideas que coincidían e aí seguen a falar cos responsables da Consellería, e que tamén falaba destas cousas cando o responsable da Consellería era do BNG, e tampouco en Valdeorras se lle viu moito. Di o Alcalde que falando de cacicadas que é verdade que o PP sabe moito pero que a Consellería de Medio Rural co BNG tamén houbo para dar e tomar. Di que en relación co letreiro el dixo naquela Comisión que non sabía que se había posto e que deu orde ao día seguinte de que se quitara e que evidentemente non lle fixeron caso, se pregunta se deberon ser máis drásticos e botalo de alí, e di que pode ser, se ben indica que todas estas cuestións xa se explicaron en Comisión. Di que si se fala de despilfarrar diñeiro como dixo o voceiro do PP, pois foron uns momentos nos que parecía que había proxectos que tiñan saída, todo o da biomasa tiña saída, tense que recordar o sr Blanco que cando era deputado provincial gastáronse catro millóns de euros en tres plantas de transferencia e non producen ningún rendemento, pero naquel momento parecía interesante e que el tamén apoiou o proxecto. Di que no Concello todo o mundo fixo inversións, pois ó lado da planta de biomasa está a Estación de Lavado de Vehículos, que tamén custou o seu e ten unha utilidade nula e ninguén cuestiona iso. Remata o sr Alcalde dicindo que se está traballando no tema, falando con empresas para ver si se interesan pero non hai ningunha de momento, que pasa o mesmo co tema do compost que

por exemplo Córdoba que pasa por ser a capital do compostaxe non sabe que facer con el ou A Coruña que o está levando ao vertedoiro.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria da moción presentada co resultado de que, por nove votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo) e seis a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves), o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

Di o sr Alcalde que a seguinte moción foi presentada polo Grupo Municipal Socialista relativa á reposición dos recursos humanos e materiais suprimidos do Hospital Comarcal do Barco. Di que o fondo da cuestión desta moción coincide coa presentada polo PP, polo que entende que o normal é que se debatan as dúas xuntas, explicando o voceiro do PP no seu momento si o obxecto da moción é que se voten por separado ou que se fusionen.

Di o sr Blanco que presentaron a moción de urxencia preocupados por algunha información que está saíndo, estando disposto a chegar a acordar si é o caso, senón votárase por separado.

A continuación o sr Presidente somete a votación a ratificación da inclusión do seguinte asunto na Orde do día, sendo aprobado por unanimidade dos quince concelleiros asistentes.

Moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE sobre reposición dos recursos humanos e materiais suprimidos do Hospital Comarcal do Barco de Valdeorras.

Concédeselle a palabra ao concelleiro sr Alonso Araújo, que dá lectura da moción presentada, que copiada literalmente di:

“O Goberno do Partido Popular, presidido por Alberto Núñez Feijoo decidiu crear unha Area Sanitaria Única para toda a provincia de Ourense, a Area Integrada de Ourense, suprimindo de feito a Area Sanitaria propia que tiña Valdeorras.

Esta decisión foi mingando pouco a pouco a calidade e a cantidade dos servizos prestados no Hospital do Barco.

Os recortes e as supresións, sumados á progresiva centralización dos servizos en Ourense capital, ten provocado que cada vez se solucionen menos problemas sanitarios no propio hospital do Barco, obrigando aos veciños e veciñas de Valdeorras a custosos, penosos e longos desprazamentos.

Esta situación foi denunciada en moitas ocasións polos socialistas que sempre fomos tachados polo PP local de alarmistas, pois ben, agora son os propios facultativos e facultativas do centro hospitalario comarcal os que fan a denuncia .

Mais de 35 profesionais da medicina do hospital comarcal de Valdeorras elevan as súas queixas polo desmantelamento deste centro ao Presidente Feijoo, cansados de protestar sen atopar solucións tanto na xerencia do propio hospital como na da Area Integrada. Contando ámbas as dúas xerencias coa complicidade muda da Consellería de Sanidade.

Os recortes no numero de especialistas de garda, nas especialidades mais básicas e imprescindibles como pode ser cirurxía ou hematoloxía, sumados ás especialidades “fantasma” como é o caso da cardioloxía ou mesmo de uroloxía, están a provocar abondosas queixas da cidadanía e agora tamén, firmadas e seladas nunha carta aberta, dos e das profesionais da medicina do propio hospital.

Pero os recortes non se limitan só aos recursos humanos, senón que se estenden ao aparataxe. O famoso TAC, que xa quedara comprometida a súa compra por parte do goberno de Emilio Pérez Touriño no ano 2009, leva dende que chegou o partido popular á Xunta , fai xa un lustro, desaparecido. E o que acaba de comprometer o normal funcionamento deste Hospital son os recortes na dotación do servizo de Urxencias, algo tan básico e fundamental para un centro comarcal .

Ademais o Hospital do Barco non é alleo ás privatizacións do PP: as probas de laboratorio e o mantemento do aparataxe foron as últimas privatizacións. E dicir máis deficiencias e atrasos.

E grazas a que Núñez Feijoo recorta, suprime e privatiza a sanidade publica, os Valdeorreses e Valdeorresas teñen que viaxar a Ourense cada vez con mais frecuencia para poder atopar a solución aos seus problemas de saúde.

Por todo isto, o Grupo Municipal do PSdeG -PSOE presenta a seguinte moción para a súa aprobación no Pleno:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que:

1.- Dende a Conselleira de Sanidade se revise de forma inmediata a situación que atravesamos o HCV e se lle repoñan os recursos humanos e materias que se lle suprimiron nos últimos anos, tal e como reclaman os profesionais e as profesionais que traballan nese centro .

2.- A que antes de finalizar este ano se dote o HCV do TAC que o goberno da Xunta ten comprometido dende fai anos.”

Concédeselle a palabra ao voceiro do PP, sr Blanco Paradelo, quen di que soamente comparten co que dixo o sr Alonso a preocupación que poida haber nestes intres con algunhas informacións que están saído ó respecto do funcionamento do Hospital, por iso o seu grupo presentou a iniciativa urxente como fixo o Partido Socialista.

Di que o que non poden compartir é a retirada de servizos como di o sr Alonso, e que o equipo de Goberno é alarmista, que o que lle preocupa de todo isto é que en determinadas tempadas hai que traer o tema do Hospital ao Pleno, que o que hai que facer é deixar o tema do Hospital lonxe do debate plenario. Di o concelleiro que pensa que todos os que están na Corporación son conscientes da necesidade de contar co mellor hospital posible, e ca mellor calidade asistencial posible, porque entre outras cousas todos os membros da Corporación viven aquí no Barco e todos teñen que pasar por as mans deses profesionais e por esas instalacións ao igual que as súas familias. Di o sr Blanco que manifesta o seu respecto e o do seu grupo a todos os profesionais do HCV. Di que os traballadores do Hospital, aínda que fagan as súas críticas, tamén recoñecen que houbo novos servizos, que quizás terán que mellorar, polo que o de que se van a quitar servizos non é certo, reiterando o seu respecto para os profesionais e desexando que canto antes podan manter boa comunicación e reunións coa xerencia e que cheguen a acordos importantes para eles e beneficiosos para todos. Di o voceiro que nos últimos anos o HCV logrou por primeira vez dende a súa apertura no ano 1984, aumentar a súa oferta de especialidades médicas, incrementando o seu persoal médico ata completar por primeira vez na historia os cadros de persoal e poñer en marcha probas diagnósticas e consultas de alta resolución que ata fai ben pouco só se facían en Ourense, así coma abrir a citación dende a atención primaria para probas e consultas que antes só se podían pedir no hospital. Di que tamén pode falarse de novas especialidades como cardioloxía, neuroloxía, endocrinoloxía ou dixestivo, que son un gran logro asistencial para os veciños e veciñas de Valdeorras e mesmo da Comarcas cercanas. Di que se trata de servizos que se están prestando polos mellores profesionais e, que é por todo iso polo que el di que os membros do Equipo de goberno son alarmistas, recordándolle que no seu momento dixeron, entre outras cousas, que se ía a pechar o HCV e non se pechou, que ía quedar coma un ambulatorio, residencia de anciáns, só para facer unhas curas, e iso non é certo, polo que di que non está ben que se xogue coa cidadanía con algo tan sensible e delicado como é a saúde. Di que a pesar de todo o que acaba de dicir, o seu

grupo está disposto a presentar a Moción na que se di claramente *“1- Instar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para que vixile e controle atentamente, todas aquelas necesidades organizativas que garantan unha eficiente calidade asistencial e que ningún paciente de Valdeorras poda ser derivado a outro hospital, por máis cuestións que as puramente asistenciais.”*, que no 2 punto coinciden co PS, que xa presentou unha iniciativa no Parlamento e que non ten ningunha dúbida, que hai que dicir que ese TAC xa tiña que estar no HCV, e que se a alguén lle parece mal que se diga, que el o di aquí alto e claro *“2- A que antes de finalizar este ano se dote o HCV do TAC que o goberno da Xunta ten comprometido dende fai anos”*, e que hai un punto 3 moi interesante, que é *“3- A comisión informativa de Sanidade organizará unha visita-reunión coa Xerencia Executiva do Hospital Comarcal de Valdeorras, a maior brevidade posible, para que todos os grupos políticos podamos ter unha información o máis axeitada sobre o funcionamento e servizos do Hospital”*, para que todos teñan os mesmos datos e reciban a mesma información, incluso ca posibilidade de reunirse ca Xunta de Persoal e cos Sindicatos, e escoitar de primeira man todas as explicacións. Conclúe dicindo que o seu Grupo presenta a Moción, aínda que votarían a do PS pero que no primeiro punto *(se lle repoñan os recursos humanos e materias que se lle suprimiron nos últimos anos)* non poden estar de acordo porque volveríase ao pasado e no pasado non había consulta de cardioloxía, nin neuroloxía, endocrinoloxía, dixetivo, etc.

Concédeselle a palabra ao concelleiro do BNG, sr Sierra Nieves, quen di que aínda non entendeu como se van a votar as dúas mocións porque teñen partes concomitantes. Di que quere recordarlle ao sr Alcalde que algunha vez ten traído mocións de urxencia ao comezo do Pleno e llo ten recriminado e en cambio ve que a outros grupos non llo fai. Di o concelleiro que o que poden facer é chegar a un gran pacto entre PSOE e PP, que tiveron as responsabilidades de goberno na Consellería de Sanidade, como fan pactos para regalarlle diñeiro aos Bancos ou para perpetuar a sucesión do ditador Franco na xefatura do Estado. Di o sr Sierra que lle indigna a moción que presenta o sr Blanco ao lela nun papel co membrete do PP, que parece que o sr Blanco non viu *“Barrio Sésamo”* ou perdeu algunha parte da película, porque quen dirixe o HCV é o seu partido, que si quere falar coa Xerente, que é do seu partido, fale con ela e que si quere reunirse coa Conselleira pois dígalle todo o que lle teña que dicir na Consellería, non veña aquí a facer un paripé neste Concello porque ao estar moi cerca dos cidadáns ten que facer ese teatrillo, que quen dirixe o HCV é o seu partido que ás veces parece que se perde neste da política e non se enteira absolutamente de nada, reiterando que lle indigna que esta moción a

presente o PP. Di que apoiará a Moción que presenta o Partido Socialista, como non podería ser doutra forma, porque todo o que sexa a favor da nosa sanidade pública sempre o apoiará como sempre fixo, aínda que quería engadir un punto ao acordo da Moción, que sería textualmente “*esta Corporación Municipal apoia os escritos asinados polos 35 profesionais médicos do HCV e manifesta o rexeitamento ao peche de camas en período estival*”. Di o sr concelleiro que evidentemente está de acordo co punto onde se inclúe o do TAC, e dicirlle ao PP que alarmistas seremos, porque moitas veces ao BNG se lle chamou alarmista, non ao PSOE pois coma sempre estivo nun segundo discreto plano, xa que os membros do PSOE participaban nas mobilizacións pero o Concello, como administración, nunca se manifestou nin posicionou publicamente. Di que se chegou a dicir na Sala de Plenos que o BNG era o monopolizador da plataforma e que é mentira que se dixera dende a plataforma nin dende o BNG que se ía a pechar o HCV, simplemente se dixo o que agora se trae na Moción e fai moito tempo que se anunciou que o desmantelamento da Area Sanitaria ía a traer estas consecuencias e que hoxe o sr Blanco ven aquí a facer este teatrillo presentando esta Moción que, como xa dixo antes, o indigna.

Fai uso da palabra o sr Alonso Araújo, que di que está de acordo cunha das afirmacións que fixo o voceiro do PP, que temos uns dos mellores profesionais que hai na sanidade e os temos aquí e están loitando con menos medios e traballando moitas máis horas que compañeiros da mesma especialidade noutros hospitais, e que tamén estaría de a cordo en que non se toque ó HCV, por suposto si se chegara a un gran acordo entre todos de que se dotara ao hospital como hai que dotalo, en igualdade de condicións para xogar na primeira división como xogan os outros hospitais, que lle parecería xenial pero que non vai a ser así por desgraza. Di o concelleiro que o HCV naceu como un hospital materno-infantil e xa daquela houbo bastantes problemas pois sendo un hospital materno-infantil non tiña hematólogo, que é fundamental cando hai un parto, e entón tiñan que derivar os partos a Ourense, pero que dende o ano 1989 había hematólogo con gardas permanentes os 365 días do ano. Di o sr Alonso que a información que había, por exemplo no ano 2006, colgada na páxina do HCV era máis clarificadora que a actual, pois agora é imposible saber por exemplo o catálogo dos postos de traballo, e que daquela había dúas camas asignadas no Barco para hematoloxía e agora non hai ningunha asignada. Di que esta Comarca ten unha idiosincrasia particular pois hai unha poboación envellecida, agora mesmo hai aquí 16 residencias de anciáns para unha Comarca de 28.000 habitantes, a taxa de vellez (*maiores de 65 anos*) é do 28,39%, cando en Galicia é do 24 e en España do 18%, é dicir un 10% máis de taxa de vellez que calquera punto de España, que o que quere dicir con

estes datos é que esta Comarca está moi envellecida e que elo inflúe no funcionamento do HCV, pois é un persoal que necesita moita máis atención e durante máis tempo, os procesos asistenciais son máis custosos que noutros hospitais, están moitos días hospitalizados e en moitos casos reingresan outra vez, polo que é un hospital que requiriría un trato especial. Di tamén que se trata dunha Comarca moi distante do primeiro hospital de referencia que é o de Ourense. Di o concelleiro que se están contratando a especialistas en Ourense, e que dicir contratados en precario é pouco, sen pagarlle quilometraxe nin desprazamento, veñen ao Barco para consultas dun día e por riba hai moi mala organización dándose o caso que o especialista se presenta en Ourense as 8:00 da mañá e alí dillen que tiña que estar no Barco. Di que a xerencia está facendo unha labor que é a que lle toca, posto que é unha xestión dunha empresa para alcanzar obxectivos, ten unha mercadoría que son os pacientes, o persoal e os medios e ten que cumprir uns resultados ó final de ano en base a recortes en persoal, servizos, dotacións, etc., proba diso é o dato que saíu onte na prensa de que hai 28.500 traballadores menos da Sanidade en toda España, e, por certo, tamén quere sinalar que o sr Blanco dálle unha puntilla á Xerencia no seu primeiro punto da Moción, pois parece que non se fía da Xerencia. Di o sr Alonso que cando entrou Rajoy de Presidente do Goberno o primeiro que dixo foi que non se ía tocar a Sanidade nin a Educación, e que hai algo que lle gusta moito do que dixo o sr Blanco e é que *as novas especialidades, cardioloxía, neuroloxía, endocrinoloxía* (todo isto está na súa páxina web) *son un gran logro para a mellora da oferta asistencial dos cidadáns de Valdeorras e son servizos atendidos por especialistas contratados por este Hospital, con plena capacidade para atender aos pacientes a todos os niveis....*, dicindo que na oferta asistencial a 3 de xullo de 2014, colgado na páxina web da Consellería de Sanidade, na páxina do Sergas, non aparece por ningún lado cardioloxía, neuroloxía, endocrinoloxía nin dixestivo, repite que é a páxina web do Sergas vista fai tres horas, que non dubida que sexa verdade que ven algún especialista pero dende logo contratado no HCV non está, ou polo menos se lle esqueceu alguén de dicir que está contratado no Barco. Di o concelleiro que iso de que os especialistas contratados teñen plena capacidade é moi relativo pois, segundo os datos que lle facilitaron dende o HCV, en neuroloxía, si están contratados aquí, só traballan tres días á semana e non fan gardas, en endocrinoloxía só consulta un día á semana e non fai gardas, en uroloxía, con todos os pacientes que hai na Comarca, só consulta seis días ao mes e tampouco fai gardas, en cardioloxía dous días de consulta á semana sen gardas, en hematoloxía, co grave que é debendo estar de garda os 365 días, o especialista estivo sete días ao mes dende febreiro a maio, fixo doce gardas en xuño e en xullo non ten asignada ningunha garda, en cirurxía, xinecoloxía e traumatoloxía non se poden facer intervencións

urxentes por falta de dotación de persoal. Di o sr Alonso que en relación ao TAC “*ni está ni se le espera*”, que levamos cinco anos esperando por el e que o HCV é o único hospital de Galicia que non dispón deste aparello. Remata o sr Alonso Araújo dicindo que o seu Grupo quere mostrar a súa solidariedade co colectivo de traballadores e traballadoras do Hospital Comarcal Valdeorras e por suposto con toda a sanidade pública galega, que confían plenamente na súa profesionalidade, e que sobre todo o que lles preocupa é que case o 70% dos facultativos do Hospital asinen unha carta nesas condicións, que lle preocupa como posible usuario do HCV.

Fai uso da palabra o sr Blanco Paradelo que di que casos e exemplos hai para todos, pero habería de tratar de non utilizalos como argumento xenérico. Di que, polo que ve e aínda que despois se votará, non queren a información ou non queren saber. Di que o sr Alonso di que lle pasaron os datos, e que el pode dicir que a el lle pasaron outros e evidentemente non son iguais, e que si ó mellor aceptaran o de facer unha visita conxunta para oír todos o mesmo sería moi interesante. Di o voceiro que o sr Alonso, como republicano confeso, crerá na división de poderes, na división do legislativo, do executivo e do xudicial, entón a Xerencia forma parte do executivo e os concelleiros non son lexisladores pero si políticos que representan aos cidadáns, e que os concelleiros do PS ó mellor estaban acostumados a que si lle pedían algo a súa Consellería botábanlle a bronca, que a el non, que si eles como partido político están representando aos cidadáns poderán instar a quen está gobernando a que faga unha cousa ou outra. Di que el como membro do PP non ten máis datos do HCV dos que podan ter os demais. Di que eles coma partido político poden facer a súa labor e formular iniciativas, engadindo que, claro, se eles non fan iniciativas acúsannles de ser serviles e dicir a todo que si, e se piden cousas, malo tamén, polo que pide que se aclaren. Di o sr Blanco que no tema de uroloxía, hoxe pola mañá anunciouse nunha reunión que houbo no Hospital que o urólogo vai a vir todos os días e que vai a operar todas as semanas, que pensa que iso é importante e que son medidas nas que hai que seguir a traballar, que a iniciativa do seu Grupo é aclarar o compromiso de que aínda que eles sexan concelleiros do PP e governe o PP en Santiago non van a pasar por un Hospital de menor calidade. Di que hai que deixar ben claro que a carteira de servizos do HCV nunca foi tan ampla e diversa como no momento actual, de feito hai máis especialidades que nunca, que soamente hai un servizo no que evidentemente non está cuberta unha praza que é hematoloxía pero tamén o sr Alonso podería dicir, que non o dixo, que a carga de traballo do servizo viuse moi diminuída ao asumir a atención primaria a maior parte dos pacientes que precisaban o control da súa anticoagulación, o sintrón que todos coñecemos, e é que agora estase

subministrando dende os centros de saúde o que fixo que descendera a carga de traballo e se axilizara dun modo máis eficiente a atención dos pacientes. Tampouco dixo o sr Alonso que os avances das novas tecnoloxías afectaron de forma positiva, pois faise unha placa ou unha proba aquí e automaticamente pódena ver en Houston, e tamén haberá que recoñecer que se investiron tanto agora como co anterior goberno do bipartito boa cantidade de recursos económicos en telemedicina e en medios. Di o sr Blanco que con respecto ás gardas das que fala o sr Alonso, en hematoloxía mantense permanentemente dous efectivos, e trala renuncia sen preceptivo aviso dun dos titulares, empezará a traballar a partir da próxima semana un novo hematólogo, di que as gardas mantense en tempo 365 días ao ano de forma localizadas como se viña a facer dende o ano 1984, que todos os servizos que se fan no Hospital manteñen unhas gardas que garanten en todo momento a asistencia urxente con criterios de calidade, inmediatez e seguridade, e a reorganización destas tan solo tiveron efectos retributivos poñendo límite así aos anos de agravios comparativos con outros profesionais de igual mérito ou capacidade. Di o concelleiro que o servizo de urxencias como Punto de Atención Continuada, coñecido por todos como PAC, conta co mesmo número de facultativos dende a entrada da actual Xerencia. Remata o sr Blanco dicindo que cando fala de alarmismo refírese a iso, que haberá cousas que mellorar e por ilo o seu grupo presenta a iniciativa da que falou e que lle gustaría que ademais de apoiar a Moción presentada polo grupo Socialista tamén apoian a que el presentou porque pensa que hai cousas importantes.

Fai uso da palabra o sr Sierra Nieves que di que volve a dicirlle ao sr Blanco que isto debería de facelo noutro sitio e non aquí, que si tanto se preocupa a Sanidade non viría a última hora con esta Moción que sinceramente a el non lle vale para nada, nin a el nin a moitos cidadáns que saben perfectamente que os problemas que está tendo o HCV son responsabilidade do partido do sr Blanco. Di o concelleiro que o voceiro do PP fala de especialidades e pensa que son especialidades virtuais, pois a maioría non están e dicía que vai a vir un urólogo e que non sabe cál mandarán para aquí pois as citas que estaban dando ata onte era para ir a Ourense, e que o que virá ao Barco ó mellor se ten que dividir entre O Barco e Verín, polo que serán as noticias que terá vostede pero de momento non é así. Remata dicindo que como xa anunciou vai a apoiar a Moción presentada polo PS sempre e cando se inclúa un punto máis relativo ao apoio ó escrito asinado polos 25 profesionais e que esta Corporación manifeste o rexeitamento ao peche de camas.

Di o sr Blanco que quere facer unha breve puntualización, pois deixouse sobre a mesa un punto importante, e é pedirlle á Consellería que actualice a páxina web.

Toma a palabra o sr Alcalde que di que cre que se falou de dous hospitais diferentes. Di que a moción presentada polo PP ten como obxectivo contrarrestar e dicir que non pasa nada e a verdade é que pasan moitas cousas. Di que o sr Blanco dixo que non había que ser alarmistas nin criticar, e el ten que dicir que en canto baixa a calidade dos servizos dende logo non hai por qué calar, ao contrario, e que é a primeira vez que 35 médicos do Hospital, e mira que teñen pasado cousas, asinan unha carta e a fan pública, o que quere dicir que as cousas non van ben e que o sabe todo o mundo, pois, os valdeorreses ou temos moito vicio ou vamos a maioría a consultas a Ourense. Di que por cada valdeorrés ou usuario que ía a Ourense fai cinco anos hoxe van tres ou catro usuarios o que é unha realidade innegable. Di que mandan aos pacientes por calquera cousa a Ourense porque hoxe en día non hai medios e que no Hospital hai enfermos ingresados que teñen que estar vixiados os sete días da semana e si o médico non ven os sete días da semana mándanos para Ourense, e iso o sabemos todos, só hai que preguntar na rúa, e esa é a realidade.

Di que o equipo de Goberno presentou unha moción para poñer de manifesto, como ben dicía o voceiro do BNG, o apoio a eses traballadores do Hospital que están desexando que isto cambie e tamén quere sinalar que el nunca deixou de asistir a ningunha reunión que fora convocado pola xerente ou o xerente do Hospital, polo que si a xerencia do Hospital do Barco, a xerencia do Hospital do área de Ourense o calquera responsable da Consellería quere ter unha reunión para explicar como funciona o Hospital, co alcalde ou cos traballadores ou con todos xuntos, el acudiría porque sempre que o chamaron foi, o que é distinto a pedir unha entrevista dende o Concello para que lle conten a súa versión, cando ten a dos cidadáns. Di que a Moción presentada polo PP non ten máis sentido que o de subirse ao carro e difuminar a Moción presentada polo PS, polo que o Grupo de Goberno non vai a retirar o primeiro punto e si van a votar a súa moción.

Di o sr Alonso Araújo que o punto que quere o representante do BNG que se engada non lle parece mal, pois apoiar o escrito dos traballadores e manifestar o rexeitamento do peche das camas no Hospital parécelle correcto.

Sometida a votación a **emenda de adición** presentada polo voceiro do BNG **é aprobada por 10 votos a favor** (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández,

Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e **cinco abstencións** (Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez), sendo introducida no Acordo da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE.

De seguido procédase á votación ordinaria da Moción presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, incluída a emenda de adición aprobada, co resultado de que por dez votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e cinco votos en contra (Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez), o Pleno acorda:

Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a que:

1.- Dende a Consellería de Sanidade se revise de forma inmediata a situación que atravesa o HCV e se lle repoñan os recursos humanos e materias que se lle suprimiron nos últimos anos, tal e como reclaman os profesionais e as profesionais que traballan nese centro .

2.- A que antes de finalizar este ano se dote o HCV do TAC que o goberno da Xunta ten comprometido dende fai anos.

3.- A Corporación Municipal do Concello do Barco apoia os escritos asinados polos 35 profesionais médicos do HCV e manifesta o rexeitamento ao peche de camas en período estival.

Di o sr Blanco que el acepta o xogo político sempre pero que quere recordar e que conste que el algunha vez tamén intentou introducir emendas de viva voz e non se lle deixou, que hai que seguir un criterio, si se poden introducir así emendas pois pódese para todos sempre.

Di o sr Alcalde que el non recorda nestes momentos o que di o sr Blanco pero que a partir de agora se fará así porque as emendas de viva voz son legais, e todas formas que se informe por Secretaría.

Pola Secretaría informase á Corporación que calquera membro da Corporación Municipal pode traer unha emenda oral sobre un asunto non incluído na Orde do día, podéndose presentar oralmente no momento.

Di o sr Alcalde que o voceiro do BNG presentouna cando fixo a súa intervención, e que queda o criterio marcado.

A continuación procédese á votación ordinaria da moción presentada polo Grupo Municipal do PP, co resultado de que, por dez votos en contra (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias, Dacal Feijoo e Sierra Nieves) e cinco votos a favor (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Rodríguez Voces, Melo García e Rodríguez Vázquez) o Pleno do Concello non aproba a moción presentada.

2 Rogos e preguntas.

Pide a palabra o sr. Sierra Nieves quen, unha vez concedida, di que quere facer un rogo ao sr Alcalde en relación coa páxina web do Concello, que debería facerse máis dinámica e dotala de contidos máis interesantes e actualizala, que isto é o máis importante, pois por exemplo os horarios de trens e de bus están obsoletos e a maioría dos trens que figuran na páxina non existen, e tamén nos teléfonos de interese hai algúns que nin funcionan. Di que así como outros departamentos do Concello que teñen presenza en internet funcionan ben, como o de Cultura cuxa área comunica moi ben neste medios, en xeral o Concello está un pouco atrasado. Di o concelleiro que de ter unha páxina web pois tela ben e sobre todo ter os datos actualizados.

Di o sr Alcalde que toma nota e que se falará cos traballadores que levan o tema da páxina web.

Pide a palabra o sr. Blanco Paradelo quen, unha vez concedida, di que desde o seu Grupo, o PP, queren mostrar a súa preocupación pola falta desa educadora ou educador na Gardería Municipal, que non entenden moi ben, como por un lado dise que non se poden facer contratacións de persoal pero ó mesmo tempo durante o ano 2013 e 2014 o Concello do Barco seguiu contratando diferentes postos de traballo doutras áreas de traballo do Concello, incluso bolseiros, convenios con Universidade, etc, que no seu momento o seu Grupo dixo que porque non se puido empregar para o tema que xurdiu na Biblioteca. Di o concelleiro que non sabe si foi un erro de planificación, nin que escusa puido haber, pero o que realmente lle pide por favor ao sr Alcalde é que na medida do posible se lles pase unha relación, na Comisión que teña a ben, de cales foron todos os postos de traballo que se convocaron durante o ano 2013 e 2014 e de qué axudas ou subvencións dependían, porque é un problema que xera moita preocupación e

inconvenientes en moitas persoas que xa pensan en reorganizar a súa vida e levar aos seus fillos a outras garderías.

Remata pedindo o sr Blanco que se esgoten todas as posibilidades se non se fixo xa, e que lles expliquen como durante tanto tempo se estiveron contratando outro tipo de traballadores e non se tivo en previsión a situación que tiña a Gardería municipal.

Di o sr Alcalde que esa pregunta se contesta brevemente. Di que nunha Comisión de Persoal deuse conta das contratacións que estaban en marcha e das que previsiblemente se ían a facer, que evidentemente non hai inconvenientes para que na próxima Comisión de Persoal que se convoque de seguir coa liña de dar esa información, que ademais fóra un acordo que se tivo a raíz dunha pregunta do sr. Blanco nun Pleno, que despois tívose outra Comisión de Persoal á que non asistiron os membros do PP, dicindo que na próxima se levará esta cuestión, ao igual que outras cuestións sobre o Censo. Di o Alcalde que todas as contratacións que se fixeron, excepto as prazas que se sacaron a concurso da Policía Municipal que esas si se poden sacar, son todas con cargo a subvencións, que agora está en marcha unha praza para a Gardería con cargo á subvención da Deputación, e que el conta co convencemento do persoal da Deputación de que esa subvención manterase para o ano 2015.

Pregunta o sr. Blanco se se vai pechar unha aula da gardería.

Contesta o sr. Alcalde que o que empece en setembro rematará igual e que este ano o Equipo de Goberno quere poñer catro profesores para tres aulas, que é o correcto, non catro aulas para catro profesores, porque senón non se prestaría a atención adecuada. Di o Alcalde que quere sacarse á concurso a praza da directora de interinaxe, que si se pode cubrir un interinaxe aínda que non crear unha praza nova. Di que ninguén vai deixar de ir a traballar porque na Gardería municipal haxa unhas prazas vacantes, afortunadamente hai outras solucións que terán que acollerse a elas, que a verdade é que a xente quere ir á gardería municipal o que debe ser un orgullo para o Concello, pois parece que funciona moi ben, pero ás veces aparecen problemas. Remata dicindo o sr Alcalde que, como dixo antes, na próxima Comisión darase conta de todas as contratacións, como xa se fixo no seu momento.

3 Dación de contas: Informe das resolucións da Alcaldía dende o nº 315/14 ata o nº 412/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 29 de maio e 5, 13 e 19 de xuño de 2014.

A Presidencia dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía dende a última sesión ordinaria ata a data da convocatoria da sesión e que abranguen dende o nº 315/14 ata o nº 412/14 e das actas da Xunta de Goberno Local de 29 de maio e 5, 13 e 19 de xuño de 2014.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo sr. alcalde-presidente levántase a sesión sendo as 20:40 horas do día indicado no encabezamento, estendéndose a presente acta do que eu, como secretario acctal, dou fe.

O secretario acctal,

O alcalde

José De Lis Santos-Ascarza

Alfredo L. García Rodríguez